

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 18/07/1959

Colección:

Data: 18/07/1959

De:

Luís Seoane;

Para:

Ramón Piñeiro;

Orix:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Emilio Pita;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 18/07/1959

Buenos Aires, 18 de Xulio de 1959

Sr. D.
Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela.

Querido Piñeiro:

Alegreime moito que te tivese gostado o meu álbum de grabados en madeira, Doce Cabezas. Un distes días envíoches outro de dibuxos moitos déles xa tí os coñeces, tidoado Figurando recuerdos que o edita Citania. Xa me dirás a tua opinión. Non recibín a separata de que me falas na tua carta. Tivese querido recibila, mais é seguro que se perdeu no correo, pois a outra xente deiquí fai moito que a recibiu. Tamén gostaríanos editar en Citania algún traballo inédito teu. Dime si é posible. Eu teño persoal intrés en facer unha edición dunha obra tua e outra de García Sabell. Istes días sal unha monografía de Del Riego, Galicia y nuestro tiempo, e un pequeno libro de poemas de Emilio Pita ademáis do libro meu. A parte entrecomillada da tua carta non quero contestarcha. Simpremente prégoche que non me supoñas filiacións políticas ás que son alleo. É hora de que vos decatedes de que estades en plena confusión con respecto a nós e que a política cultural que facedes brillantemente e coa nosa admiración, iniciéina eu en Buenos Aires sin mais programa que o da cultura galega arrededor de 1940, coma tí deberías sabere, aínda que non por mín que nunca falei disto. Son boa proba os libros das editoriales que fundei e a acción cultural do Centro Galego, onde durante moitos anos traballei soio. Si tés amigos progresistas eu tamén os teño. E dos outros, dos contrarios, en tanta cantidade como dos primeiros, e aquí respétanme hoxe tanto uns coma os outros i eu estímooos coma persoas e pol-a sua obra, aínda que non compartas as suas ideas. Penso que ista é a posición humana dun galeguista. Dígoche isto pra que non insistas en trocar a miña posición con supostos e desconfianzas que non veñen ao noso caso. A min non me arredan as posicións ideolóxicas, o que me arredan son as conductas; dunha persoa, o que máis estimo é a sua conducta humana. Si che parece inxenuo isto, déixao, mais teño que decircho, posto que estimo moito a tua amizade e a tua obra, con ninguén en Galiza me sinto mais vinculado que a tí e aos amigos comús. Fálame de tí e da tua obra que son as cousas que me intresa dun xeito como non sei expresalo. Quixera que non houbese mal entendidos entre nós. Con saúdos a tua dona, recibe unha forte aperta garimosa de:

Seoane.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.